

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE FEBREIRO DE 2015**

**1.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para a demolición e seguinte construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Vista Alegre, nº 101. (LIC/518/2012).**

Concédesese a licenza.

**2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor nun edificio situado nº 15 e 17 de Santa Marta. (LIC/1147/2014).**

Concédesese a licenza.

**3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor na Avda. de Lugo. (LIC/1193/2014)**

Concédesese a licenza.

**4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para a instalación dun ascensor nun edificio situado no nº 1-3 da rúa Ramón Cabanillas. (LIC/677/2014).**

Concédesese a licenza.

**5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á desestimación de alegacións e declaración da caducidade da licenza outorgada para a construción dun edificio de 64 vivendas, locais, garaxes e trasteiros na parcela nº 5 do SUNP-14 de Tras Paxonal. (LIC/623/2008).**

Desestímense as alegacións presentadas por Ruafer Construcciones, por transcorrer amplamente o prazo fixado para a citada licenza.

**6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do "Proxecto de Urbanización do SUNP-13 "ESTRADA DE A ESTRADA".**

Apróbase o devandito proxecto, co fin de resolver as deficiencias que presenta o pavimento das obras de urbanización do ámbito do SUNP-13 na zona do Castiñeiriño, na estrada que comunica coa vila da Estrada. O proxecto será executado con cargo ao aval constituído pola entidade "O Combarro Cooperativa Galega de Vivendas". O orzamento previsto para estas obras é de 59.630 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á solicitude da subvención nominativa para o sostemento do Centro Sociocultural e Xuvenil do Ensanche durante o ano 2015.**

Acórdase a solicitude da devandita subvención á Deputación da Coruña, por importe de 144.000 euros, que se corresponde ao 80% do custo total estimado, no que o Concello asume outros 36.000 euros. Esta cantidade servirá para afrontar os gastos de persoal, mantemento e subministrados.

**8.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á solicitude da subvención nominativa para o sostemento dos centros socioculturais do ámbito rural para o ano 2015.**

Acórdase a solicitude da devandita subvención á Deputación da Coruña, correspondente ao 80% do importe previsto, 175.000 euros, asumindo o resto a Administración local. Esta axuda permite sufragar a actividade en 20 dos 43 centros socioculturais do concello, que radican no ámbito rural.

**9.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á solicitude do Programa Ler Conta Moito 2015.**

Acórdase solicitar á Secretaría Xeral de Cultura, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a participación no programa “Ler conta moito”, orientado á dinamización da lectura para as bibliotecas integradas na Rede Pública de Bibliotecas de Galicia. O orzamento que se solicita é de 3.866 euros, dos que un 75% sería asumido polo departamento autonómico e o resto polo Concello.

**10.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á aprobación de axudas e colaboración a festas de parroquias e barrios 2015.**

Apróbase a convocatoria para a petición de axudas municipais con destino ás festas patronais nos barrios e nas 28 parroquias do municipio. Para ese fin créase unha partida dotada con 28.000 euros.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Cultura e Patrimonio para dar conta da sinatura da addenda ao protocolo de colaboración na IV edición do Club de Debate, así como do seu Regulamento e aprobar a realización do programa Club de Debate.**

Dáse conta da sinatura da devandita addenda e apróbase a realización do programa.

**12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á renuncia da Fundación Castelao ao convenio nominativo asinado para o ano 2014.**

Por petición da propia entidade beneficiaria, acéptase a renuncia da Fundación Castelao a unha subvención nominativa concedida polo Concello no pasado mes de outubro, por importe de 300 euros. No seu escrito, a Fundación sinala a imposibilidade de celebrar a actividade (conferencia sobre “Castelao e a cegueira”) para a que fora requirida a achega.

**14 a 49.- Propostas do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU – Plusvalía), no imposto sobre bens inmobles (IBI), no imposto sobre actividades económicas (IAE) e no imposto sobre vehículos de tracción mecánica (IVTM).**

Concédense os beneficios fiscais solicitados.

**50.- Propostas do concelleiro delegado de Facenda relativas á concesión de exencións na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concédense as exencións solicitadas.

**51.- Proposta do concelleiro delegado de Facenda relativa á rectificación do acordo da Xunta de Goberno de 24.10.14. (Manuel Vilouta Lens).**

Acórdase a rectificación dun expediente de beneficio fiscal no imposto sobre aumento de valor de terreos de natureza urbana, no que se concede unha bonificación do 95%, que debe ser aplicado a dous inmobles da mesma propiedade, e non a un só, como por erro se recolle no acordo da Xunta de Goberno do 24 de outubro.

**52.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa aceptación da subvención e da consideración de aula de referencia do plan de inclusión dixital de Galicia, pola Axencia Tecnolóxica de Galicia, anualidade 2015.**

Acéptase unha subvención de 15.000 euros concedida pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o mantemento da condición de aula CeMIT, pertencente á rede de Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica, que fora acordada pola Xunta en febreiro de 2014. A subvención contribuirá a financiar en parte o custo salarial total dun axente TIC para a aula municipal, cifrado en 28.787 euros.

**53.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar ao abeiro da orde de 31 de decembro de 2014 para a posta en marcha do obradoiro de Emprego "Emprego Santiago IV".**

Apróbase a solicitude dunha subvención de 120.000 euros para o financiamento do devandito obradoiro. O orzamento do programa municipal -no que se inclúen gastos de persoal, axudas ao custo, contratación de medios externos e gastos xerais- ascende a 148.800 euros, dos que a Xunta achegaría arredor do 80% e o resto o Concello.

**54.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2014 para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras de RISGA, para o exercizo do ano 2015.**

Acordouse a solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de 25 persoas ao abeiro da devandita orde. O obxecto é fomentar o emprego, no ámbito de colaboración coas entidades locais. O Concello propón a contratación de 4 técnicos administrativos, 9 administrativos, 8 conserxes e 4 peóns, por un período de 7 meses que unicamente suporían ao Concello un custo estimado de 6.121 euros, correspondentes á indemnización por fin do contrato.

**55.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa a solicitude subvención á Consellería de Traballo e Benestar do obradoiro de emprego "Ecotur Santiago II".**

Acórdase solicitar a devandita subvención ao abeiro da orde da Consellería de Traballo e Benestar que regula as subvencións a obradoiros de emprego, comprometéndose o Concello a achegar 50.000 euros en dúas anualidades. A axuda destinaríase a manter o obradoiro "Ecotur Santiago II" durante seis meses (entre setembro de 2015 e febreiro de 2016), coa tripla función de crear emprego, formar traballadores e acometer unha iniciativa de interese para a veciñanza e para a atracción de visitantes. O número de alumnos previsto é de 45 e o orzamento total estimado é de 449.014 euros. Así, propónse crear un centro BTT na Susana, un proxecto que contempla as seguintes actuacións:

- Rehabilitación da antiga escola unitaria de Susana, como Centro BTT e de atención a visitantes Val de Santa Lucía-Marrozos. A actuación inclúe a adaptación do edificio coa renovación das instalacións, traballos de illamento e de accesibilidade
- Elaboración e mantemento de páxinas web do Centro BTT para divulgar os traballos realizados, con información de rutas e sendas, enumeración de valores naturais e históricos, recursos naturais da zona, turismo sostible e entidades sen ánimo de lucro, coa finalidade de promocionar servizos e actividades.

**56.- Proposta da concelleira delegada de Educación para dar conta da concesión de subvención do plan concertado de Servizos Sociais: Proxecto Anual de Servizos Sociais Comunitarios Municipais.**

Dáse conta dunha subvención de 57.271 euros concedida pola Consellería de Traballo e Benestar para o financiamento das escolas infantís municipais de Conxo, As Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños correspondente ao exercicio 2013.

**57.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación de apertura dos prazos de admisión e matrícula nas Escolas Infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños. Curso 2015-2016.**

Apróbase a apertura dos prazos de admisión e de matrícula nas escolas infantís de Conxo, das Fontiñas e de Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2015-2016. O prazo para reserva de praza e traslado do alumnado actual será entre os días 2 e 11 de marzo (ambos inclusive). Para novo ingreso o prazo é do 17 de marzo ao 17 de abril. A lista provisional darase a coñecer entre o 4 e o 11 de maio e a definitiva entre o 25 de maio e 1 de xuño e, ao día seguinte (2 de xuño), comezará o prazo de matrícula, que se estenderá ata o 18 de xuño. Para optar á praza é imprescindible que o neno ou nena solicitante estea empadroadado no Concello de Santiago.